

---

EU NON SON O MEU  
**DANO#**  
**20 ANOS** CEREBRAL  
ADQUIRIDO

---

de movemento asociativo do dano cerebral adquirido en Galicia

**FEGADACE**

FEDERACIÓN  
GALEGA DE  
DANO CEREBRAL }




---

EU NON SON O MEU  
DANO#  
CEREBRAL#  
20 ANOS ADQUIRIDO

---

de movemento asociativo do dano cerebral adquirido en Galicia



(CC BY-NC 4.0) 

2020, Federación Galega de Dano Cerebral

Galeras, 17, 2º - Despacho 5

15705 Santiago de Compostela

Deseño e maquetación: Manuel Silva

Impresión e encadernación: Tórculo S.L.

ISBN: 978-84-09-27158-0


Depósito legal: C 54-2021

Este libro foi elaborado co apoio da Deputación da Coruña a través da convocatoria FOCVAA 2020.



# EU NON SON O MEU DANO CEREBRAL

20 anos de movemento asociativo do dano cerebral adquirido en Galicia



En 2020 fanse vinte anos da fundación das primeiras asociacións de dano cerebral adquirido en Galicia. Ao longo do 2000 nacían ADACECO na Coruña, Alento en Vigo, e Sarela en Compostela.

Desde 1999, ducias de familias reuníanse a nivel galego para fundaren a Asociación de Dano Cerebral de Galicia (ADACEG), un prototipo finalmente descartado para deixar lugar ás entidades provinciais, co obxectivo de traballar nunha Federación nun futuro.

Pouco despois, en 2002 e 2006, agromarían tamén Renacer en Ourense e ADACE Lugo. Xuntas conformarían, por fin, en 2007, a Federación Galega de Dano Cerebral, dando forma

ao que hoxe é o tecido asociativo do dano cerebral adquirido en Galicia.

Un ente en permanente construción, que medra e que se adapta en función das necesidades das familias que o compoñen, coa fin de romper o illamento e de chegar alá onde haxa unha persoa con dano cerebral adquirido, e co obxectivo último de desenvolver a plena autonomía e calidade de vida de cada membro do colectivo.

Porque somos persoas, non somos o noso dano cerebral.

Esta é a nosa historia.

2000

- Fundación da Asociación de Dano Cerebral de Vigo, Alento, sendo nomeada presidenta Gracinda Pampillón (Mari), o 24 de maio.



*Composición da primeira Xunta Directiva de Alento.*

- Creación de ADACECO, Asociación de Dano Cerebral da Coruña, sendo nomeada presidenta Carmen Fernández, o 16 de novembro.
- Constitución de Sarela, Asociación de Dano Cerebral de Compostela, sendo nomeado presidente José Balboa Ayán, o 19 de decembro.

**Miguel Framil Lea.** Persoa con dano cerebral adquirido por un accidente de tráfico.

*"Nestes anos Sarela, e creo que todas as entidades, soubo cambiar a medida que as persoas con dano cerebral tamén cambiabamos. No meu caso a asociación axudoume a vivir unha nova vida despois do dano cerebral e buscar solucións en cada momento vital."*

**Nacho Martín.** Usuario de Alento.

*"Desde que empecei en Alento as cousas cambiaron moito; pasamos de estar ben a estar superben. Alento obrígame a non durmirme, a ser máis activo e a non acomodarme; permitíume evolucionar e mellorar a miña dificultade coa memoria."*



**Asunción Iglesias Prieto.** Ex-vicepresidenta de Sarela e membro actual da xunta directiva. Seu home é a persoa usuaria de máis antigüidade de Sarela.

*"Os cambios en 20 anos están á vista: novo centro, máis servizos, máis profesionais, etc. Pero eu quedo co que non mudou. Sarela foi e é a miña familia, o meu círculo de apoio, na que podoo confiar e delegar a miña responsabilidade con Santiago, meu marido."*

**Carlos González Fernández.** Usuario de ADACE Lugo.

*"A situación das persoas con dano cerebral cambiou para mellor xa que o nivel de autoestima da persoa mellora, síntese máis válida e aprenden cousas."*

**Carmen Fernández Quiroga.** Ex-presidenta de ADACECO.

*"Cando comezamos a reunirnos para fundar a asociación vimos que había dous aspectos importantísimos. En primeiro lugar, non sentirse sós. En segundo lugar, axudar aos nosos familiares a ter unha vida o máis plena posible. Unha vida salvada merece ser vivida, pero vivida dunha forma o máis completa posible, e a iso dedicamos os nosos esforzos."*

2001

- Alento inaugura as súas instalacións na rúa García Barbón (Vigo). Comeza a prestar os primeiros servizos de información e atención directa a persoas con dano cerebral e as súas familias.

**Rocío García Calvo.** Psicóloga e directora de Sarela dende a súa creación.

*"Sarela creceu adaptándose ás necesidades das persoas e familias con dano cerebral e pensamos que o fixemos de forma coherente. Así fomos abranguendo desde a rehabilitación, a atención diúrna, a atención infantil, a orientación laboral, etc. Socialmente tamén axudamos a poñer na axenda ao dano cerebral e aínda que é máis coñecido non foi suficiente para mellorar e ampliar os servizos públicos imprescindibles para a recuperación tras un dano cerebral."*

**Manuel Río Lago** Usuario de ADACE Lugo.

*"ADACE Lugo cambiou totalmente a miña vida e a da xente que vive comigo. Aportaron terapias, saír da rutina, relacionarse con máis xente e facer saídas."*

**Luciano Fernández.** Presidente de FEGADACE.

*"A constitución do movemento asociativo, primeiro coas asociacións e logo como federación, permitiunos ter máis recoñecemento, aproximarnos á realidade do problema e que as familias que se achegan a nós teñan máis esperanza. (...) Queda moito percorrido, e a materia pendente de atraer a máis persoas e familias."*

**Marta Barbeito.** Traballadora social de ADACECO cunha traxectoria de dez anos na entidade.

*"Despois de case 11 anos vinculada a ADACECO sería difícil imaxinar a miña vida sen a asociación, tanto no profesional como no persoal, estou orgullosa do equipo que a forma, e sobre todo dos verdadeiros protagonistas- persoas con dano cerebral e familias- que se esforzan cada día para seguir superándose."*

**Anxo Queiruga.** Ex presidente do CERMI Galicia.

*"O movemento das familias ten un papel fundamental, imprescindible, para poder acceder a unha serie de recursos aos que sería moito máis difícil o acceso, ou que estaría limitado só para persoas cun poder adquisitivo importante."*





## 2002

- O 12 de decembro está datada a acta fundacional da Asociación de Dano Cerebral Adquirido de Ourense Renacer. Xorde pola implicación, sensibilización e decisión de profesionais médicos (Ana Pastor, neurocirurxiá) e sociais (Belén Piñeiro, traballadora social), así como de familiares de persoas con dano cerebral que buscaban respostas perante a situación que se lles presentaba.
- Alúgase un local nas Cancelas e acondiciónase para a creación neste mesmo ano do Centro de Atención e Rehabilitación de Dano Cerebral Sarela.



*Xuntanza de familias de Alento en San Campio de Figueiró.*

- II Xornada sobre Dano Cerebral Adquirido organizada en Vigo por Alento: 'Necesidades a longo prazo das persoas con Dano Cerebral Adquirido'.
- Contratación dun director-xerente en Alento; iníciase o proceso cara a profesionalización da entidade. Organízase unha Xornada de Familias en San Campio.
- O 13 de xuño inaugúrase en Madrid o Centro de Referencia Estatal de Atención ao Dano Cerebral (CEADAC).



*Un obradoiro de informática contouse entre as primeiras actividades organizadas por Alento.*

2003

- Comezan as actividades da Escola de familias en Alento.
- Renacer insíbese no rexistro de asociacións e no RUEPSS.
- ADACECO inicia as terapias de neurorehabilitación.
- Sarela inaugura o centro da Rúa do Ceo o 9 de xaneiro. Ponse en marcha a Atención ás persoas afectadas e familiares, con tratamentos rehabilitadores e Grupos de Autoaxuda.



Primeiros pasos da escola de familias de Alento, nas instalacións da rúa García Barbón.

**Susi Pérez Álvarez.** Usuaria de Alento.

*"Grazas a Alento síntome libre, estable, síntome outra persoa. Son eu mesma."*

**Xosé Cuns.** Director da EAPN Galicia.

*"Coñecer as asociacións de dano cerebral a nivel persoal foime moi útil; servíume para cambiar totalmente a miña maneira de pensar e para decatarme de que é un tema case sen tratar publicamente, aínda que lle pode pasar a calquera. Reforcei o meu pensamento feminista ao ver directamente o papel que viven as mulleres cuidadoras e ter esa sensación de que a calquera lle pode pasar."*

**Olga Cuña Blanco.** Presidenta do CIS Aixiña, sede das instalacións de Renacer desde a súa fundación.

*"[Desde Renacer] déronlle ás persoas a voz e a visibilidade necesarias para reivindicar as nosas necesidades e dereitos. Creo que a cita "a unión fai a forza" no noso caso ten todo o sentido."*

**Gracinda Pampillón (Mari).** Presidenta de Alento.

*"Queríamos que as persoas que pasaran unha situación como a nosa tiveran a información e apoio suficientes."*



*Inauguración das instalacións de Sarela na rúa do Ceo (Santiago) o 1 de setembro de 2003.*

2004

- 24 persoas con dano cerebral adquirido asisten ao “centro de readaptación” para persoas con dano cerebral de Alento.
- Consólidanse programas de ‘Información, orientación e apoio ás familias afectadas por dano cerebral adquirido’, ‘Prevención e Sensibilización da comunidade’ e ‘Atención e rehabilitación a persoas afectadas por dano cerebral adquirido’, e comezan actividades propias de Centro de Día tres tardes á semana en Sarela.



Primeiras sesións grupais de Terapia Ocupacional en ADACECO.

- ADACECO celebra a Xornada sobre Dano Cerebral Sobrevido.

**María Belén Piñeiro Bóveda.** Traballadora Social no Complexo Hospitalario de Ourense e unha das impulsoras da creación de Renacer.

*“Destacar o labor importante que están a realizar [Renacer] na sensibilización social sobre o dano cerebral, así como de empoderamento do paciente e da familia a través da información e da formación. (...) Non podo imaxinar a non existencia das asociacións!”*

**Gonzalo Mira Villar.** Director-xerente de Alento.

*“O recoñecemento do dano cerebral como unha emerxencia social, algunhas mostras son: o informe sobre o dano cerebral do Defensor del Pueblo, a creación do CEADAC, a creación de Unidades de Dano Cerebral nos hospitais, a presenza de entidades en foros de primeira liña como o CERMI, incluír especificamente o dano cerebral na Lei de Dependencia...; é o resultado dun intenso traballo das asociacións durante máis de vinte anos por dar a coñecer o dano cerebral e o seu tremendo impacto sanitario e social. Xa non somos o grandes descoñecidos.”*





Alento participando no Mercado Solidario en Goián.

2005

- Inauguración da ampliación do local e dos novos servizos de Alento (xullo). 30 persoas asisten ao “centro de readaptación” para persoas con dano cerebral de Alento.
- Renacer insíbese no rexistro de entidades de acción voluntaria. A súa primeira presidenta, Beti Fernández, deixa o cargo e pasa a ocupalo Ramón Cid. A entidade contaba con 129 persoas socias, das que 16 tiñan dano cerebral. Pon en marcha os servizos de traballo social e psicoloxía atendendo a cinco persoas usuarias.
- ADACECO funda a súa compañía teatral.
- Comeza o programa de voluntariado de Sarela.
- O Defensor del Pueblo publica o informe ‘Dano cerebral sobrevivido en España: unha achega epidemiolóxica e sociosanitaria’, con recomendacións para que as administracións públicas puideran desenvolver a atención a esta discapacidade.

**José Balboa.** Presidente de Sarela, ex presidente de FEGADACE, pai dunha persoa con dano cerebral.

*“Cando empezamos non había nada onde recorrer cos teus familiares [con dano cerebral], e pasamos a ter un centro grazas ao que podes desenvolver unha calidade de vida. (...) Fundamos a asociación non só polo meu fillo senón en xeral, para defender a todas as persoas con dano cerebral.”*

**Noelia Luque Gómez.** Directora de Renacer desde hai 14 anos.

*“A miña experiencia no ámbito do dano cerebral iniciouse fai 14 anos. Durante este tempo, grazas a moito traballo, esforzo e dedicación por parte do cadro profesional implicado nesta problemática, a intervención coas persoas con dano cerebral virou desde unha perspectiva sanitaria, cara a unha perspectiva sociosanitaria.”*



# 2006

- Fundación de ADACE Lugo o 12 de xaneiro, sendo nomeada presidenta Elena Salgado López.
- Renacer consolida os servizos de traballo social e psicoloxía contratando a dúas profesionais que atenden ata cinco persoas usuarias.
- ADACECO celebra as súas I Xornadas de Deporte Adaptado con motivo do Día do Dano Cerebral. Estas xornadas, que implican a múltiples entidades de discapacidade e centros educativos da Coruña, repítese anualmente na cidade.
- Inaugúrase o Centro de Promoción da Autonomía Persoal (CPAP) de Bergondo, dependente do Imser-so.
- Aprobada a Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia de España, que crea o actual Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.

**Valeriano García.** Ex-xerente de FEDACE.

*“Pasouse da peregrinación das familias, que de maneira individual intentaban buscar solución a un problema descoñecido e de difícil manexo, a contar cun soporte que inicialmente consistía en compartir un problema, que de por si xa axudaba, e que foi consolidándose para ser un núcleo de reivindicación e de xeración de recursos.”*

**Joel Gómez.** Xornalista de La Voz de Galicia, referencia no ámbito sanitario e social da comarca.

*“O que máis admiro é o interese das familias nos servizos que reciben en centros como o de Sarela e para os que continúan sen ter mellores alternativas.”*



2007

- As cinco asociacións galegas de dano cerebral adquirido fundan FEGADACE o 7 de xullo, con José Balboa como presidente.
- A Xunta de Galicia autoriza o inicio de actividades do Centro de Día de Atención Especializada de Dano Cerebral Sarela (marzo).
- Sarela asina un contrato de 12 prazas coa Xunta (decembro). Iso implica ampliar horario (10:00 a 17:30) e comezar o servizo de comedor.
- O Concello de Vigo cede a Alento uns terreos de 2.500m2 no barrio de Navia para a construción do seu novo centro.
- Alento comeza a prestar o servizo de transporte ás persoas usuarias do centro de readaptación, que aumenta a 50 prazas e estende o seu horario de atención (inicialmente emprégano 6 persoas).
- ADACE Lugo aluga o local no que segue actualmente e comeza a ofrecer os servizos de traballo social, logopedia e terapia ocupacional.
- A compañía teatral de ADACECO representa a súa primeira obra na Gala Solidaria. Iníciase con ela un programa de estreas anuais.
- O Imsero publica o 'Modelo de atención ás persoas con dano cerebral'.
- Decisión do Consello de Ministros, na sesión do 24 de agosto, de declarar o 26 de outubro como 'Día Nacional do Dano Cerebral Adquirido', convertendo esta data nun acontecemento capaz de mobilizar á sociedade e de implicala na prevención e na atención das persoas con dano cerebral e as súas familias.



*Inicios do servizo de fisioterapia en ADACECO.*



- A Asemblea Xeral das Nacións Unidas aproba o 30 de marzo o texto da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.



*Visita de ADACECO ao Parlamento de Galicia.*



*Acto Prefundacional da Federación Galega de Dano Cerebral Adquirido (12/01/2007), coa primeira xunta directiva.*

2008

- Alento consegue a certificación de calidade ISO 9001:2008 para os seus servizos de atención a persoas con dano cerebral e é declarada entidade de Utilidade Pública (14 de abril).
- ADACE Lugo pon en marcha o servizo de psicoloxía.
- Declaración de utilidade pública de Sarela (19 xuño 2008).
- Renacer amplía os seus servizos cunha fisioterapeuta e unha terapeuta ocupacional.

- A Enquisa de Discapacidade, Autonomía Persoal e Situacións de Dependencia (EDAD) reúne uns datos de incidencia e prevalencia do dano cerebral que practicamente non se actualizaron desde entón. Indican que hai 35.756 persoas con esta discapacidade en Galicia, que a taxa de prevalencia (casos novos anuais) é de 13,1 por cada 1.000 habitantes, e que o 78% de casos de dano cerebral están causados por un ictus.
- España subscribe a 'Convención de Nacións Unidas sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade'.



Excursión a Allariz das persoas usuarias de ADACE Lugo.



Un grupo de persoas usuarias de Alento, de vacacións na Guarda.



*Camiñada ao Pico Sacro  
organizada por Sarela.*

2009

- Comeza a construción do novo centro de Alento no barrio de Navia, en Vigo.



*Inicio da construción do centro de Alento en Navia.*

- Sarela acada financiamento do Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad' (a través de FEDACE) e da Deputación da Coruña para a construción do seu novo centro.
- Traslado de ADACECO ao centro de As Xubias, na Coruña.
- ADACE Lugo recibe por primeira vez unha subvención nominativa da Deputación de Lugo.
- Renacer completa o equipo interdisciplinar coa contratación dunha logopeda. Organízanse os primeiros obradoiros terapéuticos grupais.

**María Dolores Quintas Abadín.** Presidenta de Renacer.

*"Fai 25 anos a primeira vez que nos atopamos coa situación do meu fillo ninguén me nomeou as verbas "dano cerebral adquirido", simplemente, o meu fillo xa non ía falar, non ía camiñar... era mellor "que o deixara en paz, que non o levara a ningún sitio", dito por unha médica rehabilitadora, pero por sorte non lle fixemos caso e loitamos por unha rehabilitación que o final lle permitiu facer unha vida normal de novo."*



Primeira visita á neve para persoas usuarias de ADACECO.



Persoas usuarias de Sarela realizan unha exhibición da actividade de agilidad con cans.

2010

- Ingreso de FEGADACE no CERMI Galicia.
- Peregrinación a Santiago de todo o movemento asociativo galego polo Día Nacional do Dano Cerebral.
- Comezo da construción do novo centro de Sarela. O 2 de decembro a entidade compostelá obtén o seu primeiro certificado de calidade ISO 9001.
- Apertura do Centro de Día de ADACECO.
- Primeira charla psicoeducativa de prevención de caídas organizada por Renacer.

- Unha ilustración realizada por Esperanza Núñez, de ADACE Lugo, é a imaxe central do cartel do Día do Dano Cerebral.



*Usuarios de Sarela asisten a clases de golf.*



*Sardiñada de celebración do 10º aniversario de ADACECO.*



*Respiro familiar das asociacións de dano cerebral en Silleda.*



*Finalización das obras de construción do centro de Alento en Navia.*



*Visita ao balneario para conmemorar o 10º aniversario de ADACECO.*

2011

- FEGADACE dótase do seu actual logotipo e imaxe, ofrecendo “apoio e axuda despois do dano cerebral”.
- Primeiro convenio nominativo da Federación coa Consellería de Traballo e Benestar, actualmente Política Social.
- Comeza unha época de dificultades para a asociación Alento que pon en perigo a continuidade dos servizos e programas pola perda de financiamento da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

- Acto de colocación da primeira pedra do novo centro de Sarela o 18 de marzo.
- Comeza o servizo de hipoterapia de Renacer.
- Unha ilustración realizada por David Cid, de Renacer, é a imaxe central do cartel do Día do Dano Cerebral.



*Acto institucional de colocación da primeira pedra do novo centro de Sarela.*



*Respiro familiar de Renacer nas Médulas.*





Un usuario de Renacer participa na actividade de hipoterapia.

**Margarita Platas.** Unha das persoas fundadoras de ADACECO.

*“Durante o tempo que estivo o meu marido na UCI vin a cantidade de xente que tiña ictus e nese momento deime conta a importancia que tiña crear ADACECO.”*

**Antonio Rodríguez.** Usuario de Alento.

*“Alento é para min como unha familia, teño moitos amigos..”*

**Inés Cortés.** Terapeuta Ocupacional de ADACECO.

*“A nivel persoal e laboral todo sería moi distinto porque traballar nunha asociación é totalmente diferente a traballar nun centro privado ou nun recurso público; é unha cuestión de principios; poder axudar ás persoas desde unha entidade deste tipo, sen ánimo de lucro, é moito máis gratificante.”*



2012

- Ingreso de FEGADACE na Federación Española de Daño Cerebral (FEDACE).
- Primeiro Foro de Familias de Persoas con DCA. Entrega de cinco recoñecementos a outras tantas persoas de crucial importancia para cada unha das asociacións, e ao psicólogo clínico Miguel Anxo García.
- Rematan as obras das novas instalacións da asociación Alento no barrio de Navia, en Vigo.

- Declaración de Utilidade Pública de ADACECO.
- O Concello de Santiago cede a Sarela un piso no barrio de Fontiñas para o proxecto 'Construíndo futuro', que foi a semente do Servizo de Orientación Laboral.
- Participación do movemento asociativo galego do dano cerebral na manifestación 'SOS Discapacidade', convocada polo CERMI (o 3 decembro, Día da Discapacidade, en Madrid).



*Mercado Solidario de Renacer.*



*Grupo de apoio mutuo de familias en Sarela.*

**Begoña Hermida**, directora de FEGADACE.

*A vida das persoas con dano cerebral e as súas familias sen as asociacións sería directamente imposible. Imposible porque as súas necesidades non se verían atendidas en ningunha das dimensións da súa vida. (...) As asociacións son fundamentais para eliminar as barreiras de todo tipo ás que se enfrontan no seu día a día.*

**Ramona Rodríguez Cid**, Nai dunha persoa que é, dende 2006, un dos primeiros usuarios habituais de Renacer.

*“É complexo imaxinarse sen a asociación, porque nunca imaxinas que che pode tocar algo así e de tocarche, sempre se necesita o máximo apoio posible. Sempre é unha loita constante. Un lugar onde traballan por mellorar e tamén están entretidos.”*

**Carmen García Álvarez**, Voluntaria en Sarela dende 2006.

*“Nestes anos creo que o dano cerebral e as entidades gañaron visibilidade. No caso de Sarela, que é o que coñezo, nos servizos faise moito esforzo para que as persoas con dano cerebral formen parte da vida social, laboral, etc. O que non cambiou nestes anos é a lección que me dan de loita pola vida e a cantidade de agradecementos que recibo.”*

**Elena Salgado**, Familiar dunha persoa con dano cerebral, antiga membro da xunta directiva de ADACE Lugo e de FEGADACE.

*Para min foi moi importante, en primeiro lugar, coñecer o movemento asociativo; eu ata daquela non participara en nada así. A raíz de coñecer concienciaste das carencias que hai a nivel sobre todo das administracións para atender á xente con dano cerebral e con outras discapacidades; do que se pode conseguir á marxe das administracións, que o movemento da xente é o que importa en realidade.*



Un usuario de Sarela nun obradoiro de informática en 2012.

# 2013

- Entrega do 1º Premio FEGADACE ao programa da Radio Galega 'Convivir en Igualdade'.
- FEGADACE organiza o primeiro Encontro de Xuntas Directivas e o primeiro Encontro de Voluntariado, e dótase do seu primeiro Plan Estratéxico e Plan de Comunicación.
- Sarela estrea a súa primeira obra de teatro, 'Sarela TV'. As seguintes foron 'Sarela en camiño' (2014), 'En Sarela non hai quen viva' (2015), 'Sarela e a fábrica de chocolate' (2016), 'Amar en tempos de Sarela' (2017), 'Neflis Sarela' (2018) e 'Sarela 211' (2019).

- Ingreso de FEGADACE na EAPN Galicia.
- Inauguración do centro de Alento en Navia; traslado das instalacións á nova localización.
- Obtención do certificado de Calidade ISO 9001 por parte de ADACECO.
- Renacer consegue a acreditación de Servizo Sanitario da Xunta de Galicia. Ignacio Cid pasa a ocupar a presidencia durante un ano.



*Renacer participa na Festa dos Maios de Ourense.*



*Reunión da Xunta Directiva de Sarela.*



*1 Encontro de Voluntariado de FEGADACE. Alento, Vigo (06/04/2013).*

2014

- 2º Premio FEGADACE a Miguel Blanco, neurólogo e coordinador da Unidade de Ictus do CHUS.
- Primeiro Encontro de Profesionais de FEGADACE, segundo Encontro de Voluntariado (no que se elabora o 'Decálogo de Voluntariado') e renovación estatutaria da Federación.
- Segundo contrato de prazas de Sarela (11 para o Servizo de atención diúrna terapéutica) coa Xunta de Galicia; permite e obriga ao traslado ao novo centro, en decembro.

- Primeiro concerto de prazas de centro de día terapéutico para persoas con dano cerebral de Alento coa Consellería de Política Social.
- Inscripción de ADACECO no rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios da comunidade autónoma de Galicia.
- Accede á presidencia de Renacer Dolores Quintas Abadín, que continúa na actualidade. A entidade é declarada de Utilidade Pública, pon en marcha o servizo de educación social, o proxecto 'Voluntariado Protexido para persoas con Dano Cerebral' e celebra o primeiro PicNicArt Solidario, actividade lúdica e musical que pasa a ser anual (só foi interrompido en 2020).



Mesa informativa de Sarela no marco da campaña de prevención e sensibilización sobre o ictus no CHUS.



Dous usuarios de Sarela practican esgrima paralímpica.

## 20 anos de movemento asociativo do dano cerebral adquirido en Galicia

- ADACE Lugo comeza a actividade terapéutica na piscina e asina un convenio co Concello de Lugo.
- Unha ilustración realizada por Rafael González, Rosa Losada e Carmen Acuña, de Renacer, é a imaxe central do cartel do Día do Dano Cerebral.



*Sesión de pilates en ADACE Lugo.*



*Renacer asinou un convenio con Primux, para facilitar a adquisición de produtos tecnolóxicos ás súas persoas usuarias.*



*Terapia con animais en ADACE Lugo.*



*Un grupo de persoas usuarias de Renacer na actividade de terapia acuática.*

2015

- 3º Premio FEGADACE á Fundación Barrié.
- XV aniversario de ADACECO, Alento e Sarela.
- Sinatura dun convenio de colaboración de FEGADACE coa Sociedade Galega de Neuroloxía (SGN).
- ADACE Lugo reforma as súas instalacións para a posta en marcha do Cento de Día Terapéutico de media estadaía, co que a Consellería de Política Social concerta 10 prazas.
- Celébrase en Vigo o IX Encontro de Voluntariado e Dano Cerebral organizado por FEDACE.



*Obradoiro de implicación solidaria na adopción de cans da protectora de animais de Lugo para persoas usuarias de ADACE Lugo.*

- En xaneiro comeza a actividade no novo centro de Sarela mentres continúan as obras para os servizos de rehabilitación, ocupacional e piscina.
- ADACECO celebra o seu primeiro torneo de golf solidario.
- Alento organiza, con motivo do Día do Dano Cerebral, a primeira edición de 'Alento na rúa', unha actividade a través da que se traballa a sensibilización de escolares e da poboación en xeral sobre o dano cerebral. Pasa a celebrarse anualmente.
- Campionato Solidario de Petanca, organizado polo Clube de Petanca Florida, a favor do Programa de Emerxencia Social para persoas con Dano Cerebral Adquirido da Asociación Alento.



*"IX Encontro de Voluntariado y Daño Cerebral" da FEDACE, organizado en Vigo.*



## 20 anos de movemento asociativo do dano cerebral adquirido en Galicia

- ADACE Lugo empeza a prestar asesoramento sobre o dano cerebral no punto informativo para asociacións no Hospital Universitario Lucus Augusti.
- Creación da Unidade de Ictus do CHUVI (outubro).
- Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) Contra o Copago Confiscatorio do CERMI Estatal. As asociacións colaboraron coa recollida de sinaturas, que se presentaron na Xunta Electoral Central o día 30 de novembro.



IV Foro de Familias (30/05/2015).



Comparecencia do secretario de FEGADACE, na Comisión non Permanente de Discapacidade do Parlamento de Galicia.



Commemoración do 15º Aniversario de Alento.



III Encontro de Xuntas Directivas de FEGADACE. Alento, Vigo (25/04/2015).

# 2016

- O galardón anual da Federación pasa a denominarse 'Premio FEGADACE – Miguel Blanco' en homenaxe ao neurólogo, falecido en 2015. Entrégase á Dirección General de Tráfico (DGT).
- Renovación estatutaria de FEGADACE e elección de Luciano Fernández como presidente.
- Iníciase o primeiro proxecto de investigación promovido por FEGADACE, sobre coñecemento dos recursos de atención ao ictus, en colaboración coa Sociedade Galega de Neuroloxía e co apoio das fundacións Barrié e Roviralta.



*Saída de balneario nun respiro familiar de ADACE Lugo (2016).*

- Acto de inauguración do novo centro de Sarela o 19 de decembro. Permiso de inicio da actividade do Centro ocupacional (SADOC) da entidade, e proxecto piloto de aloxamento temporal a familias durante a estancia dun familiar no hospital.
- Recepción a Sarela no Parlamento de Galicia o Día do Dano Cerebral.
- Alento acolle nas súas instalacións a 'Escola permanente de risoterapia', unha iniciativa a través da cal se pretende xeneralizar o seu uso como instrumento terapéutico e facilitar a formación de monitores especializados e motivados nesta terapia.
- Comeza a actividade de boccia en ADACE Lugo.
- Renacer incorpora un perfil específico de xestión económica e administrativa.
- Creación da Unidade de Ictus do CHUAC.
- A Xunta de Galicia presenta o Plan Ictus.
- Tarxeta acreditativa do grao de discapacidade en Galicia. Con esta nova tarxeta a Xunta de Galicia pretende facilitar a acreditación da discapacidade de calquera persoa que teña un grao superior ao 33%, sen necesidade de utilizar a resolución pola que se recoñece este grao.

■ O tecido asociativo da discapacidade na Coruña lanza a campaña 'Baixo o mesmo paraugas' para conmemorar o Día Internacional da Discapacidade. As asociacións e a Federación de dano cerebral súmanse á iniciativa a medida que se vai estendendo a outras cidades e vilas de Galicia.



*Acto de lectura do manifesto do Día do Dano Cerebral coa corporación municipal de Santiago de Compostela, Sarela e FEGADACE.*



*Acto de inauguración institucional do centro de Sarela o 19 de decembro de 2016.*



*Exterior do centro de Sarela coa construción totalmente finalizada en 2015.*

2017

- Celebración do 10º aniversario da Federación na Xuntanza de Persoas e Familias con Dano Cerebral Adquirido.
- 5º Premio FEGADACE - Miguel Blanco a María Escario.
- Sinatura dun convenio de colaboración entre FEGADACE e a Federación Alzhéimer Galicia (FAGAL).
- Aberto un punto de atención ao dano cerebral en Pontevedra, que xestiona Alento.

- Sarela inicia o servizo de terapia acuática e organiza a primeira camiñada con motivo do Día do Dano Cerebral.
- Posta en marcha da EscolaDCA de Alento. Trátase dun proxecto de formación sobre temas de interese sobre o dano cerebral, orientado a persoas con dano cerebral, familias e profesionais.
- Alento, en colaboración co 'Colegio Hogar Afundación' de Vigo, pon en marcha o proxecto 'FP Sobre Ruedas', que ten como obxectivo aplicar as TIC para adaptar e personalizar cadeiras de rodas eléctricas para persoas con dano cerebral.



Obradoiro de 'Prevenção viaria e DCA' organizado para escolares por ADACE Lugo.



Terapia acuática nas instalacións de Sarela..

- ADACECO celebra a súa I Xornada Nacional sobre o Dano Cerebral Adquirido, que comezará a organizarse anualmente.
- A Asociación de Veciños de Novo Vigo fai entrega do Premio á Igualdade Dolores Martínez Cordero a Alento pola súa loita contra a dobre discriminación da muller con discapacidade e pola inclusión das persoas con diversidade funcional.
- ADACE Lugo inicia a actividade 'Prevención viaria e DCA' en colexios e institutos de Lugo para sensibilizar sobre o dano cerebral.



*Lectura do manifesto do Día do Dano Cerebral de 2017 organizada por ADACE Lugo.*



*Demostración da adaptación dunha cadeira de rodas dentro do proxecto 'FP sobre rodas'.*



Terceira edición de 'Alento na rúa', en Vigo.



Inauguración da mostra CapacitArte, organizada polo CERMI Galicia na consellería de Política Social con motivo do Día da Discapacidade.



Fotografía tomada en ADACE Lugo dentro da colección 'Punto e seguido'.



Inauguración da EscolaDCA de Alento.



Inauguración en 2017 do punto informativo de Alento en Pontevedra: PonteDCA.



Fotografía tomada en ADACECO dentro da colección 'Punto e seguido'.



Celebración do décimo aniversario de FEGADACE.



Fotografía tomada no obradoiro de teatro de Renacer dentro da colección 'Punto e seguido'.

# 2018

- 6º Premio FEGADACE - Miguel Blanco ao Instituto Universitario de Integración na Comunidade (INICO).
- A exposición 'Punto e seguido. A vida despois do dano cerebral adquirido' percorre Galicia.
- Publicación de Iridium, unha novela xuvenil de Francisco Castro que está protagonizada por unha moza con dano cerebral. É froito da colaboración de FEGADACE e Alento co escritor, que inicia unha serie de diálogos con escolares coa neuropsicóloga da asociación viguesa; unha iniciativa que continúa en 2019.



Premio a ADACE Lugo da Rede Lucense de Voluntariado.

- FEGADACE estrea unha nova páxina web, resultado da participación no programa Más Social Conecta da Fundación Barrié.
- FEGADACE e as súas asociacións dótanse do seu primeiro Plan de Igualdade (2018-2020). Nese marco, elaboran tamén un 'Protocolo de Prevención perante situacións de acoso sexual e acoso por razón de sexo'.
- ADACE Lugo e Renacer reciben o Certificado de Calidade ISO 9001/2015.
- Renacer leva a cabo nos centros educativos de Ourense o proxecto de prevención dos traumatismos craneoencefálicos en poboación infantil 'Con casco non te cascas'.



Primeiro torneo de boccia para persoas con dano cerebral e familiares de ADACE Lugo.



- ADACE Lugo estrea a súa EscolaDCA, dirixida a familiares, persoas cuidadoras e persoas socias.
- Unha ilustración realizada por José Francisco Álvarez González, Fernando Campos Covelo, Sara Fernández Rosendo e María Jesús Lajes Fernández, grupo de persoas usuarias da asociación Alento, é a imaxe central do cartel do Día do Dano Cerebral.
- Modificación da Lei do Réxime Electoral Xeral que estende o dereito de sufraxio, activo e pasivo, a todas as persoas con discapacidade, sen excepcións.
- Primeira edición da campaña 'Baixo o mesmo paraguas' con motivo do Día da Discapacidade en Compostela.



Inauguración da mostra 'Punto e seguido'. A vida con 'dano cerebral adquirido' o 20 de marzo de 2018 en Santiago.



Cartel do Día do Dano Cerebral 2018, cun debuxo elaborado por persoas usuarias de Alento.



*Asemblea xeral ordinaria de FEGADACE.*



*Conferencia de Miguel Ángel Verdugo, do INICO, na Xornada sobre o Dano Cerebral.*



*Curso de informática para familias en Sarela.*



*Sarela nas instalacións da biblioteca pública Ánxel Casal.*



*X Solidaria humana en Santiago de Compostela.*

2019

- 7º Premio FEGADACE-Miguel Blanco á Unidade de Odontoloxía para Pacientes con Necesidades Especiais da Facultade de Medicina e Odontoloxía da USC.
- Preséntase en Santiago, o 14 de maio, a guía 'Cousas que debes saber sobre o dano cerebral adquirido cando o teu familiar está no hospital', elaborada por un grupo de traballo composto por persoal das asociacións e da Federación Galega de Dano Cerebral. A fin de ano editase a versión en castelán do documento.



*Inauguración do segundo centro de ADACECO na Corveira (Culleredo).*

- FEGADACE presenta a curta 'O mundo púxose ao revés', elaborada por Miguel Gallardo, nas Xornadas de Medicina Gráfica da Coruña (novembro), e organiza o ciclo 'Visións sobre o dano cerebral adquirido no cinema. Unha aproximación fílmica á discapacidade e á inclusión'; con tres sesións na Coruña e outras tantas en Santiago.
- FEGADACE desenvolve un programa de 33 charlas de prevención e sensibilización sobre o dano cerebral nos 32 concellos máis illados e envellecidos de Galicia.
- FEGADACE e as súas entidades dótanse dunha 'Guía para a xestión e coordinación dos programas e accións de voluntariado nas asociacións galegas de dano cerebral'.



*Un grupo de persoas usuarias do servizo residencial de Alento.*

- Estréase un novo servizo en ADACECO: as Terapias Intensivas en Neurorehabilitación. A asociación coruñesa convértese no primeiro centro certificado nesta metodoloxía en Galicia.
- Apertura do servizo residencial terapéutico para persoas con dano cerebral de Alento en Vigo, con 15 prazas.
- Novos puntos informativos de Sarela na Estrada, Arzúa e Ribeira.
- Apertura do novo local de ADACECO na Corveira (Culleredo). A entidade coruñesa pasa a contar con dous centros, o novo, e o primeiro, nas Xubias (A Coruña). Ademais, recibe a concesión demanial dunha parcela para construír un novo centro integral.

- FEGADACE e as súas asociacións federadas incorporan a metodoloxía de Monetización do Valor Social á súa contabilidade.



As directoras e director das asociacións de FEGADACE facendo o aceno do Día do Dano Cerebral.



Presentación no CHUS da guía 'Cousas que debes saber sobre o dano cerebral adquirido cando o teu familiar está no hospital'.



Lectura de Iridium e exposición de libros e fotografías sobre o dano cerebral polo 26 de outubro de 2019.

- Recoñécese no RUEPSS a ADACECO como entidade de actuación provincial.
- ADACE Lugo recibe a declaración de Utilidade Pública.
- A Xunta adxudica a Sarela dous concursos para o Servizo de Atención Diúrna Terapéutica: renovación de 11 prazas e ampliación de 6 novas prazas. A entidade compostelá crea o MAPIS (Servizo de Mellora e Mantemento da Autonomía Persoal e Inclusión Social), e amplía a xestión de calidade a toda a entidade (Certificado ISO 9001:2015).
- ADACE Lugo comeza a actividade 'Coida o teu cerebro' en colexios de toda a provincia; está dirixida ao alumnado de primaria e de infantil.
- Alento reorganiza o seu sistema de traballo para implantar un modelo centrado na calidade de vida da persoa articulado a través da Escala CAVIDACE.
- Alento presenta na 'Xornada de Boas Prácticas e Innovación para mellorar a calidade de vida das persoas con Dano Cerebral Adquirido e as súas Familias', organizada por FEDACE, a aplicación do modelo de calidade de vida para persoas con dano cerebral.
- O Defensor del Pueblo publica o estudo 'A Atención específica ao dano cerebral adquirido infantil', no que recomenda unha estratexia sociosanitaria de atención ao dano cerebral cunha sección específica para a infancia e adolescencia.



Charla de sensibilización sobre o dano cerebral en Ourense.



Dous usuarios de Sarela nun obradoiro de cociña na entidade compostelá.

- Nove asociacións e colexios profesionais, entre os que está Sarela, presentan un informe que denuncia as carencias dos servizos integrais de rehabilitación da área sanitaria de Santiago-Barbanza.

*Andaina polo Día do Dano Cerebral organizada por Sarela en Santiago.*



*Unha sesión da EscolaDCA de ADACE Lugo.*

- Renacer asume a coordinación das entidades da provincia de Ourense para a actividade 'Baixo o mesmo paraguas', que conmemora o Día da Discapacidade.

2020

- 8º Premio FEGADACE - Miguel Blanco á Fundación María José Jove.
- ADACECO, Alento e Sarela fan 20 anos.
- FEGADACE organiza, en colaboración coa Unidade de Odontoloxía para Pacientes con Necesidades Especiais (USC), o Simposio sobre Saúde Oral e Dano Cerebral Adquirido.
- A Federación desenvolve un estudo sobre o impacto do labor de coidados informais na saúde das persoas coidadoras.



Simposio sobre Saúde Oral e Dano Cerebral, organizado online en novembro de 2020.

- FEGADACE asina un convenio de colaboración coa Sociedade Galega de Medicina Física e Rehabilitación (SOGARMEF).
- FEGADACE incorpórase á Xunta Permanente de GEAccounting, a plataforma que vincula ás entidades sociais co grupo promotor da metodoloxía de 'monetización do valor social' para a contabilidade social.
- Elaborado o III Plan Estratéxico de FEGADACE, con vixencia 2020-2023.
- Sarela recibe o 'XI Premio de Dereitos Humanos' outorgado polo Colexio de Avogados de Santiago.



Vídeo no que FEGADACE preguntou ás catro principais forzas políticas polas súas propostas para o colectivo do dano cerebral perante as eleccións autonómicas de 2020.



- Renacer recibe o premio 'Compromiso Social 2020' da Asociación de Jóvenes Empresarios (AJE) de Ourense.
- Juan Luis Delgado asume a presidencia de ADACECO. Carmen Fernández é recoñecida como presidenta honorífica pola asemblea xeral de socios/as.
- A pandemia da COVID-19 provoca que por primeira vez desde a súa apertura os centros de atención ás persoas con dano cerebral tiveran que pechar as súas portas desde que se decreta o confinamento, en marzo, ata unha apertura gradual desde o verán. O coronavirus tamén provocou a suspensión, aprazamento ou reformulación de dúcias de actividades previstas por todo o movemento asociativo.
- Creación da Unidade de Dano Cerebral Adquirido no CHUAC, dentro do Hospital de Oza.
- A Federación Española de Daño Cerebral celebra o seu 25 aniversario.
- Luciano Fernández, presidente de FEGADACE, é elixido presidente do CERMI Galicia por catro anos.
- Luz verde á reforma legal para acabar coa incapacitación xudicial por discapacidade e favorecer a capacidade de decisión do colectivo cun sistema de apoios adecuado.
- Aprobada no Congreso a proposición de lei que modifica o Código Penal para ilegalizar as esterilizacións forzadas a mulleres con discapacidade.



*Carmen Fernández (anterior presidenta) entrega as chaves de ADACECO a Juan Luis Delgado, recién nomeado presidente da entidade coruñesa.*

## ADACECO

adaceco@adaceco.org

981 07 52 59

655 824 619



## Renacer

renacerourense@hotmail.com

988 22 50 56

664 349 309



## ADACE Lugo

correo@adacelugo.org

982 243 503

663 085 391



## Sarela

sarela@sarela.org

981 577 037



## Alento

info@alento.org

986 229 069



## FEGADACE

fegadace@fegadace.org

881 943 148 / 659 177 709





FEGADACE

FEDERACIÓN  
GALEGA DE  
DANO CEREBRAL }

#eunonsonomeudanocerebraladquirido



Deputación  
DA CORUÑA